



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

“BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEO DO CONCELLO DE MUXIA

Primeira.- Obxecto.

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición libre, para a selección dun técnico/a para a atención de museos e centros de interpretación (grupo A2) para o Concello de Muxía, para o desenvolvemento das funcións e tarefas específicas da especialidade profesional correspondente, como contratado laboral temporal, a xornada completa, durante aproximadamente 2 meses ata o 31 decembro de 2020 con cargo a subvención outorgada pola Deputación Provincial da Coruña 2020. (Programa FO216)

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.

Requisitos de carácter xeral:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que aspira. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos de carácter específico:

- Titulación universitaria relacionada directamente co ámbito da xestión de museos (Historia da Arte, Historia, Turismo, Humanidades, Belas Artes ou similares) e/ou da xestión do patrimonio natural (Bioloxía).
- Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles a ta a toma de posesión, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Terceira.- Funcións do posto.

As funcións e tarefas a realizar serán as encomendadas aos museos e centros na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia. Entre outras, a organización e catalogación da colección, a selección de pezas para exposición, a elaboración do discurso expositivo, a xestión dos préstamos ou depósitos en condicións de conservación e seguridade e a dinamización e relación do museo ou centro co seu contexto territorial e social son as seguintes:

Cuarta.- Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes, xunto coa copia simple do DNI, presentaranse e dirixiranse ao Sr. alcalde, dispoñendo dun prazo de dez días naturais contados desde o seguinte ao da data de publicación do anuncio na pax web municipal e taboleiro municipal de anuncios.
2. Presentaranse no Rexistro Xeral do ou na forma determinada no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Neste segundo caso, os/as aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981716650) ou correo electrónico durante o mesmo prazo que o de presentación de solicitudes, pois, de non facelo así, e de darse a circunstancia de non ter recibida a documentación no citado prazo, poderán ser excluídos do proceso selectivo. Se, conforme a este precepto, se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

Xunto coa solicitude, os/as aspirantes deberán achegar a documentación acreditativa dos méritos que se valoran na fase de concurso e de coñecemento da lingua galega, con nivel de CELGA 4.

Coa presentación da solicitude para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Quinta.- Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará a Resolución pola que se declara aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas, outorgándose, nos termos da Lei 39/2015, un prazo de emenda de dous (2) días ás persoas aspirantes excluídas. Nesta Resolución determínase así mesmo o lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.

No caso de haber persoas excluídas que presenten algunha emenda dentro do prazo outorgado e que de que se produza unha variación da listaxe, farase unha nova Resolución coa listaxe definitiva.

Será publicado un anuncio relativo ao contido das ditas Resolucións no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal .



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Sexta.- Tribunal cualificador.

1. Estará composto polos seguintes membros, persoas funcionarias públicas, con voz e voto todos eles:

- Presidente/a (titular e suplente): Un/unha funcionario/a de carreira da administración local, con titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.
- Secretario/a (titular e suplente): Un/unha funcionario/a de carreira do Concello de Muxía, con titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.
- 3 vogais (titulares e suplentes): Funcionarios/as de carreira de calquera administración pública.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso a Presidencia e a Secretaría. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretaria redactará acta. Resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas, así como nos casos non previstos por elas.

3. Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

4. O tribunal poderá requirir o apoio de asesoramento para a realización das probas prácticas.

5. Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio.

Sétima.- Proceso selectivo.

Efectuarase mediante concurso-oposición libre.

A fase de concurso non será eliminatória e levarase a cabo despois da fase de oposición.

Oitava.- Fases de concurso e oposición

8.1. Fase de concurso

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes. Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes e conforme ás indicacións deste apartado.

A fase de concurso, que non ten carácter eliminatorio, desenvolverase con carácter posterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web Ningún mérito poderá ser puntuado en máis dun apartado.

Valorarase:



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

1.- Formación específica superior en museoloxía, xestión cultural, turismo e xestión patrimonial (Mestrados ou Postgraos Universitarios relacionados directamente, cursos de especialización). Puntuarase de maneira individual con 0,5 punto ata un máximo de 1 puntos.

2.- Formación específica (cursos, xornadas, etc) debidamente acreditada e homologada, relacionada co posto de traballo, impartida polas administracións públicas ou polas institucións e entidades autorizadas. Puntuarase 0´10 puntos por cada 20 horas acumuladas, ata un máximo de 2,00 puntos. Non serán tidos en conta os cursos/xornadas de menos de 20 horas.

3.- Experiencia – acreditada documentalmente- na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de Actividades de Catalogación, Inventario, Planificación de Exposicións, Apoio científico e práctico, na mesma ou superior categoría ata un máximo de 2 puntos

Outorgaranse 0,30 puntos por por mes completo de servizos realizando tarefas en postos de igual funcións ao servizo dunha administración. Os contratos/ nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de 30 días. Para o cálculo das puntuacións, súmanse os meses traballados en cada apartado, e multiplícase pola puntuación que se outorga. Aproxímase ata dous decimais

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes. A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado. Achegarse así mesmo, informe de vida laboral.

8.2. Fase de oposición.

. A fase de oposición constará de:

- Proba de comprobación de coñecementos teóricos, a desenvolver por escrito, nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e/ou de posta en valor e divulgación do medio natural (en función da natureza do espazo) .Consistirá na resolución dun cuestionario tipo test, de 20 preguntas con tres respostas alternativas, relacionadas coas materias que se inclúen no Anexo II. Cada resposta correcta será puntuada con 0,5 puntos. A duración da proba será de 30 minutos. A puntuación máxima será de 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación de 5 puntos para superar a proba
- Segunda proba. Comprobación de coñecementos prácticos a desenvolver por escrito, nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e/ou de posta en valor e divulgación do medio natural . Consistirá en desenvolver unha proposta concreta de dinamización do Museo do Voluntariado respecto dos aspectos que determine o Tribunal. A duración da proba será de 30 minutos. A puntuación máxima será de 5 puntos, sendo necesario obter unha puntuación de 2,5 puntos para superar a proba.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

- Deberá de acadarse a puntuación mínima establecida en cada proba para poder pasar a á fase de concurso.
- Proba de comprobación de coñecementos da lingua galega onde a cualificación será apto ou non apto; estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír o certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente

Novena

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará a listaxe de persoas aprobadas por orde de puntuación, de maior a menor, e elevará a devandita relación á Alcaldía para os efectos de tramitación de nomeamentos.

Réxime xurídico.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentasen e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no que non quedase previsto nestas bases.

Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e, suplementariamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos:981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax:981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal:15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com

Anexo I **Temario xeral**

1. A Constitución Española de 1978. Características. Estrutura e contido.
2. Dereitos e deberes dos empregados públicos.
3. O municipio. Organización municipal.
4. Os servizos municipais.
5. Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia: MUSEOS
6. Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia: Bens e a súa clasificación.
7. O xeodestino Costa da Morte. Territorio. Museos e centros de interpretación.
8. O Camino de Santiago na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e no Concello de Muxía.
9. As redes sociais como ferramenta para a divulgación das actividades de museos e centros de interpretación.
10. O Museo do Voluntariado en Muxía.
11. Patrimonio cultural do Concello de Muxía
12. A web oficial do Concello de Muxía
13. Nocións básicas de informática.